

INFORME SOBRE A APERTURA DOS SOBRES A) E B) E FORMULACIÓN DE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DO PAZO DE TORRADO E SALA DA NAVE DE PEÑA

Reunidos no Servizo de Contratación, no día de hoxe **28/02/2018**, sendo as dez horas e oito minutos, o Concelleiro Delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos, D. José Ramón Abal Varela, o Arquitecto Técnico Municipal, D. Pelayo Eyo Valladares e a funcionaria D^a Mar Mondragón Treviño, co obxecto de proceder a apertura dos sobres A) e B) das empresas que formularon ofertas para ao contrato menor das obras de “**CONSERVACIÓN DO PAZO DE TORRADO E SALA DA NAVE DE PEÑA**”, subvencionadas ao 100% (11.831,15 €) pola Excm. Deputación Provincial, con cargo ao “Plan de rehabilitación e sinalización do Patrimonio Histórico-Cultural 2017” e formular proposta de adxudicación á Xunta de Goberno Local/Alcaldía, se procede.

Seguidamente transcríbese o cadro das empresas que toman parte no procedemento de licitación, á vista do certificado de recepción de ofertas:

N.º Orde	Empresa	N.º Rexistro	Data Rexistro
1	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	968	15/02/2018
2	CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS RIMAL, S.L.	1016	19/02/2018
3	CONSTRUCCIONES Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L.	1069	21/02/2018
4	CONSTRUCCIONES GALLEGAS CAMPAÑO, S.L.	1071	21/02/2018
5	CONSTRUCCIÓN FERNÁNDEZ 2015, S.L.	1081	21/02/2018
6	DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L.	1112	22/02/2018
7	ACEVI, S.L.	1110	22/02/2018

O prezo do contrato e o criterio de selección establecidos pola Resolución da Alcaldía, de data 05/02/2018, son os seguintes:

	TOTAL	21% IVE	TOTAL CONTRATA
Conservación do pazo de Torrado e sala da Nave de Peña	9.777,81	2.053,35	11.831,15

O único criterio será o do **menor prezo** de realización das obras sobre o prezo previsto na licitación. A estes efectos o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas, poderá apreciarse de acordo cos parámetros obxectivos establecidos regulamentariamente.

Ábrense os sobres A) presentados polas empresas, coa finalidade comprobar si consta a declaración establecida polo artigo 146.4:

N.º Orde	SOBRES A) Empresa	Constancia documentación
	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	consta
2	CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS RIMAL, S.L.	consta
3	CONSTRUCCIONES Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L.	consta
4	CONSTRUCCIONES GALLEGAS CAMPAÑO, S.L.	consta
5	CONSTRUCCIÓN FERNÁNDEZ 2015, S.L.	consta
6	DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L.	consta
7	ACEVI, S.L.	consta

A continuación ábrese os SOBRES B) nos que se formulan as seguintes propostas económicas:

N.º Orde	Empresa	Prezo sen IVE	21 % IVE	TOTAL	Baixa
1	CANALIZACIONES Y CONST. SALNÉS, S.L.	9.288,92	1.950,67	11.239,59	591,56
2	CONST. Y CONTRATAS RIMAL, S.L.	7.300,17	1.533,04	8.833,21	2.997,94
3	CONST. Y REFORMAS 3 TORRES 2010, S.L.	8.250,00	1.732,50	9.982,50	1.848,65
4	CONST. GALLEGAS CAMPAÑÓ, S.L.	8.450,00	1.774,50	10.224,50	1.606,65
5	CONST. FERNÁNDEZ 2015, S.L.	8.800,20	1.848,04	10.648,24	1.182,91
6	DENUEVO PUNTO CREATIVO, S.L.	8.585,89	1.803,04	10.388,93	1.442,22
7	ACEVI, S.L.	7.056,98	1.481,97	8.538,95	3.292,20

Á vista das ofertas presentadas, polo técnico municipal infórmase o seguinte: *Calculada a media das ofertas presentadas, obtemos un resultado de 9.979,42 €, aplicando unha baixa do 10 %, esta media baixa a 8.981,48 €, atopándonos que estarían incursos en baixa desproporcionada as ofertas números 2 (RIMAL, S.L.) y 7 (ACEVI, S.L.). Si á media obtida inicialmente aplicámoslle un incremento dun 10 % obteríamos unha nova media de 10.977,36 €, o que suporía que teríamos que excluír do novo cálculo da media á oferta n.º 1 que supera esta cantidade, polo que a nova e definitiva media establécese en 9.769,39 €, á que aplicándolle a correspondente redución dun 10 % obteríamos un total de 8.792,45 €, motivo polo que soamente estaría en baixa desproporcionada a oferta n.º 7 da empresa ACEVI, S.L...*

Vistos os artigos 152.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e 55 da Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e servizos propónse á Alcaldía/Xunta de Goberno se conceda a esta empresa (expediente contradictorio) **trámite de audiencia por prazo de 10 días hábiles** (artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) para que xustifiquen a valoración da oferta e precisen as condicións da mesma que permitan, previo informe técnico, acordar se a proposta pode ser cumprida.

E non tendo máis asuntos de que tratar, emítese o presente informe, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, na data indicada no encabezamento, en Cambados. Documento asinado electronicamente.